

UNIDADE 12. RESUMO

Recorda

- As oracións circunstanciais vistas na unidade constrúense do seguinte xeito:
- **Oracións condicionais**, con $\epsilon\iota$ (ás veces con $\acute{\epsilon}\acute{\alpha}\nu$ ($\acute{\epsilon}\epsilon\iota\acute{\alpha}\nu$), $\eta\iota\nu$, $\acute{\alpha}\nu$) con diversos valores segundo os modos.
- **Oracións concesivas**, con $\epsilon\iota\ \kappa\alpha\iota$, $\acute{\epsilon}\acute{\alpha}\nu\ \kappa\alpha\iota$, $\kappa\acute{\alpha}\nu$ (**crasis de $\kappa\alpha\iota\ \acute{\epsilon}\acute{\alpha}\nu$**) e os mesmos modos que as condicionais.
- **Oracións comparativas, con adverbios e adxectivos relativos**: $\omicron\upsilon\tau\omega\varsigma$, $\tau\omicron\iota\omicron\upsilon\tau\omicron\nu$, $\acute{\omicron}\sigma\omicron\varsigma$ e coas conxuncións $\acute{\omega}\varsigma$, $\acute{\omega}\sigma\tau\epsilon$, $\acute{\omicron}\pi\omega\varsigma$. Poden ir en modo indicativo, subxuntivo e optativo.
- Entre a ciencia e filosofía, non houbo en principio diferenzas significativas e foron practicadas polos mesmos pensadores, polo que é natural que se confundan. Porén, a ciencia diferénciase da filosofía pola súa finalidade práctica, é dicir, pretende poñer o coñecemento ao servizo dun resultado útil.
- **A ciencia comeza a independizarse da filosofía a finais do século V e principios do IV a.C.** Primeiro a sofística e logo, e máis contundentemente, a medicina foron levantando os muros de separación entre unha e outra
- A figura central da medicina antiga é **Hipócrates**. Foi tal a influencia que exerceu na medicina antiga que, como acontecera con Homero, moitos dos escritos sobre medicina publicados nos tres séculos seguintes á vida do seu autor foron atribuídos a el e coñecidos como hipocráticos, ata formar unha colección de 58 obras (só unhas poucas son súas) que coñecemos co nome de **Corpus Hippocraticum** (Colección hipocrática).
- **Aristóteles** representa para a bioloxía algo parecido ao que Hipócrates representou para a medicina. Das súas achegas á bioloxía quizais a maior sexa a creación dun método axeitado de investigación baseado nunha clasificación orgánica e ascendente dos xéneros dos animais
- O astónomo **Aristarco de Samos** sostivo que a Terra e todos os planetas xiran arredor do Sol, mentres que **Hiparco de Nicea**, o maior astrónomo da Antigüidade, volve á teoría xeocéntrica
- Do matemático **Euclides**, a súa obra **Os elementos**, é unha das obras científicas máis coñecidas do mundo (seguramente o libro de texto que máis se utilizou na historia); é unha compilación do coñecemento impartido no centro académico do Museo de Alexandría. Nela preséntase de xeito formal, partindo unicamente de cinco postulados, o estudo das propiedades de liñas e planos, círculos e esferas, triángulos e conos, etc., é dicir, das formas regulares.
- No sentido actual de ciencia, **Arquímedes** foi o máis brillante científico da Antigüidade, autor de numerosas obras de variada temática nas que destaca o rigor das súas demostracións xeométricas, razón pola que é considerado o máis notable científico e matemático da Antigüidade. Aínda que moitos dos seus escritos se perderon, chegaron ata a actualidade en grego ou a través das traducións latinas e árabes.